

GUÍA DIDÁCTICA PARA O PROFESORADO



Pionnières

interculturelles

ÍNDICE

	Páxina
1. Obxectivos	3
2. Aspectos curriculares: contidos e competencias clave	4
3. Metodoloxía, recursos de avaliación, orientación didáctica e actividades	7

1. OBXECTIVOS

En *Pionnières interculturelles* trabállanse os obxectivos da ESO que responden á seguinte codificación: **A, C, D, E, F, G, I, J, K, L, M**, así como os obxectivos da materia de Segunda Lingua Estranxeira:

Codificación	Obxectivo
OBX1	Comprender o sentido xeral e a información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.
OBX2	Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.
OBX3	Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.
OBX4	Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.
OBX5	Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.
OBX6	Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.

2. ASPECTOS CURRICULARES: CONTIDOS E COMPETENCIAS CLAVE

En *Pionnières interculturelles* os contidos son os correspondentes á materia optativa “Segunda Lingua Estranxeira: Francés” no curso de 3º de ESO:

BLOQUES DE CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación

C1.1 -Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

C1.2 -Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.

C1.3 -Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás.

C1.4 -Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas.

C1.5 -Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero.

C1.6 -Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, formas básicas da afirmación, negación, interrogación e exclamación, e relacións lóxicas básicas.

C1.7 -Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.

C1.8 -Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

C1.9 -Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra; utilización adecuada da ortografía da oración; identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

C1.10 -Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.

C1.11 -Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información, como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos.

C1.12 -Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

C1.13 -Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe

- C2.1 -Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- C2.2 -Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común.
- C2.3 -Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- C2.4 -Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- C2.5 -Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 3. Interculturalidade

- C3.1 -Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- C3.2 -Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- C3.3 -Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- C3.4 -Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- C3.5 -Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- C3.6 -Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- C3.7 -Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave de *Pionnières interculturelles* son as seguintes:

Codificación	Competencia
CCL	Competencia en comunicación lingüística
CP	Competencia plurilingüe
STEM	Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría
CD	Competencia dixital
CPSAA	Competencia persoal, social e de aprender a aprender
CC	Competencia cidadá
CE	Competencia emprendedora
CCEC	Competencia en conciencia e expresión culturais

Posto que as competencias se adquiren de forma secuencial e progresiva, tense en conta a relación establecida entre os obxectivos da Segunda Lingua Estranxeira e as competencias clave a través dos descritores do perfil de saída:

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3	5	1-2	1		3	3		
OBX4	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5		2	1	2	1-5			
OBX6	5	3			1-3	3		1

3. METODOLOXÍA, ORIENTACIÓN DIDÁCTICA, RECURSOS DE AVALIACIÓN, E ACTIVIDADES.

A maioría das actividades de *Pionnières interculturelles* son polivalentes e poden realizarse individualmente, en parellas ou en grupo, segundo as necesidades do alumnado.

DIFICULTADE:
* fácil
** dificultade media
*** difícil

SECCIÓN	DIFICULTADE	DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO
Le saviez-vous ?	*	Individual ou en parella
Biographie	**	Individual ou en parella
Documentaire	***	Individual ou en parella
Vocabulaire	**	Individual ou en parella
Mots croisés et mots mêlés	*	Individual ou en parella
Pas pareil	*	Individual ou en parella
C'est logique	*	Individual ou en parella
Message crypté	*	Individual ou en parella
Sa terre natale	***	Individual ou en parella
Top chrono !	**	Individual, en parella ou en grupo
Pour en savoir plus	**	Individual e en grupo
Projet : liberté, égalité, créativité !	**	En grupo
Autoévaluation	*	Individual

Os recursos de avaliación son variados:

- Exercicios de autocorrección: asociación termo-definición, cuestionario verdadeiro/falso e resposta múltiple (a partir de comprensión escrita e oral), escolla de categorización gramatical, encrucillados, sopa de letras, xogo das diferenzas, adiviñar mensaxes secretas, xogos de lóxica, xogo cronometrado (individual e/ou grupal).
- Exercicios de produción e mediación orais e escritas.
- Enquisa final de autoavaliación da aprendizaxe e da ferramenta web.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comunicación

CA1.1. Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.

CA1.3. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos.

CA1.4. Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple.

CA1.5. Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.

CA1.6. Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelas.

CA1.7. Completar formularios e documentos moi básicos en que se solicite información persoal, en soporte dixital.

CA1.9. Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia.

CA1.13. Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe

CA2.1. Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.

CA2.2. Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.

CA2.3. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.

CA2.5. Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación.

Bloque 3. Interculturalidade

CA3.1. Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.

CA3.2. Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.

UNIDADES E ACTIVIDADES

[Le saviez-vous ?](#)

[Biographie](#)

[Documentaire](#)

[Vocabulaire](#)

[Mots croisés et mots mêlés](#)

[Pas pareil](#)

[Message crypté](#)

[C'est logique](#)

[Sa terre natale](#)

[Top chrono !](#)

[Pour en savoir plus...](#)

[Projet : liberté, égalité, créativité !](#)

[Autoévaluation](#)

Le saviez-vous ?

Icona que representa unha actividade de comprensión escrita.



Debaixo da icona aparecen os textos e as imaxes que hai que relacionar para poder realizar o exercicio.

1 Mouvement d'opposition d'une partie de la population civile française à l'occupation militaire allemande pendant la Seconde Guerre Mondiale.

2 Genre musical originaire du Sud des États-Unis, créé à la fin du XIX^e siècle et au début du XX^e siècle au sein des communautés afro-américaines.

3 Mouvement néoclassique initié à Paris. Après la Révolution française, ce mouvement se concentre à honorer de grands personnages ayant marqué l'histoire de France.

4 Phénomène optique se produisant dans le ciel, visible dans la direction opposée au soleil quand il se lève pendant la nuit.

jazz panthéon arc-en-ciel Résistance

Máis abaixo, nesta mesma páxina, aparece unha icona que representa un signo de interrogación. Esta icona indica que comezaremos un exercicio de autocorrección. Haberá que completar un oco utilizando o número ou a letra correspondente.

Hai que escribir os números ou as letras que faltan co teclado do ordenador.

Despois de completar o exercicio, faremos clic no botón "Valider".

À quel terme correspond chaque définition ? Écrivez le numéro manquant.

LE JAZZ : Définition numéro

LE PANTHÉON : Définition numéro

L'ARC-EN-CIEL : Définition numéro

LA RÉSISTANCE : Définition numéro

Valider

As respostas correctas aparecen en fondo verde.

As respostas incorrectas aparecen en fondo rosa

Existen dúas posibilidades: ver todas as respostas correctas facendo clic en "Montrer les réponses" ou reiniciar o exercicio facendo clic en "Recommencer".

Baixo estas dúas opcións, unha frase indica a puntuación obtida (sobre 4).

LE JAZZ : Définition numéro

LE PANTHÉON : Définition numéro

L'ARC-EN-CIEL : Définition numéro

LA RÉSISTANCE : Définition numéro

Recommencer

Montrer les réponses

Votre score est 1/4.

Biographie

Icona que representa unha actividade de comprensión escrita.



Debaixo da icona aparece o texto que haberá que ler para poder realizar o exercicio.

Iisez la biographie de Joséphine Baker. Puis répondez aux questions.

UNE ARTISTE UNIQUE
Joséphine Baker est née le 3 juin 1906 à Saint-Louis, aux États-Unis. Elle va à l'école et travaille en même temps pour aider sa famille, qui est très pauvre.
Elle commence sa carrière musicale aux États-Unis, mais en 1925 elle part en France et devient une célébrité. C'est la grande époque du jazz : elle chante, elle danse et elle joue dans plusieurs films. En 1937 elle obtient la nationalité française.
Pendant la Seconde Guerre Mondiale (1939-1945) elle fait partie de la Résistance et travaille pour les services français de contre-espionnage. Après la guerre elle s'engage dans la lutte contre le racisme.

Joséphine Baker (1906 - 1975)
ARTISTE
CHANTEUSE
DANSEUSE
ACTRICE

Máis abaixo, nesta mesma páxina, aparece unha icona que representa un signo de interrogación. Esta icona indica que comecemos un exercicio de autocorrección.

Neste caso, será necesario comprobar se a frase é verdadeira (Vrai) ou falsa (Faux) a partir da información presentada no texto.

? Vrai ou faux ? Indiquez la réponse correcte.

1. Joséphine Baker est née en Asie.

Vrai Faux

Se a resposta é correcta, a indicación "Correct" aparece en negraíña baixo o exercicio.

1. Joséphine Baker est née en Asie.

Vrai Faux

Correct

Se a resposta é incorrecta, a indicación "incorrect" aparece en negraíña baixo o exercicio.

1. Joséphine Baker est née en Asie.

Vrai Faux

Incorrect

Documentaire

Icona que representa unha actividade de comprensión oral.



OPCIÓN A – VÍDEO

Baixo o enunciado do exercicio aparecen dous vídeos, o segundo subtulado en francés. Ao facer clic no símbolo de “play” iníciase a reportaxe. Tamén se pode ver o vídeo a pantalla completa, aumentar o volume ou deter o vídeo.

Se prememos no botón “Montrer la transcription”, aparecerá o texto que se está escoitando. Premendo outra vez, desaparecerá a transcripción.

Documentaire

Regardez cette vidéo. Puis répondez aux questions. Lisez la transcription après avoir fini l'exercice.

Vidéo sans sous-titres :


Vidéo sous-titrée :

Transcription


OPCIÓN B – AUDIÇÃO

Baixo o enunciado do exercicio aparece un reprodutor de son. Ao facer clic no símbolo de “play” iníciase a audición. Tamén se pode aumentar o volume ou deter a reprodución.

Se prememos no botón “Transcription”, aparecerá o texto que se está escoitando. Premendo outra vez, desaparecerá a transcripción.




OU



Transcription

Se baixamos pola páxina aparecerá a icona dun signo de interrogación. Esta icona indica que imos comezar un exercicio de autocorrección. Neste caso, trátase de escoller a opción correcta de acordo co expresado na audición.

Se marcamos co rato a opción correcta, aparecerá a mensaxe en verde "Correct".




1. La ville natale de Joséphine Baker est...

- Paris.
- Saint-Louis.
- Vichy.

Correct

Se a opción é incorrecta aparecerá a mensaxe en vermello "Incorrect".



1. La ville natale de Joséphine Baker est...

- Paris.
- Saint-Louis.
- Vichy.

Incorrect

Vocabulaire

Debaixo do título “Vocabulaire”, aparece unha icona que representa un signo de interrogación. Esta icona indica que comezaremos varios exercicios de autocorrección.

Vocabulaire

Connaissez-vous le genre de ces instruments du jazz? Écrivez l'article défini "LA" (féminin) ou "LE" (masculin).



clarinette
 saxophone

Nos exercicios 1 e 3, deberemos escribir as palabras no espazo correspondente.

Hai que escribir as palabras que faltan co teclado do ordenador.

Despois de acabar o exercicio, faremos clic no botón “Valider”.

xylophone
 basse

As respostas correctas aparecen en fondo verde. As respostas incorrectas aparecen en fondo rosa.

Existen dúas posibilidades: ver todas as respostas correctas facendo clic en “Montrer les réponses” ou reiniciar o exercicio facendo clic en “Recommencer”.

Baixo estas dúas opcións, unha frase indica a puntuación obtida.


Hai que escribir correctamente os acentos e usar de maneira adecuada as maiúsculas e minúsculas.

xylophone
 basse

Votre score est 1/14.

No exercicio 2 debemos elixir as palabras correspondentes ao campo léxico proposto polo enunciado da actividade.

Despois de elixir as palabras, facemos clic no botón “Montrer l'écho en retour”.



Un disque.
 Une partition.
 Un cornichon.
 Une concombre.
 Un gramophone.
 Un poivron.

Se a elección é correcta, a indicación “Correct” aparece en negra debaixo da palabra que pertence ao campo léxico proposto.

Se a elección é incorrecta, a indicación "Incorrect" aparece debaixo da palabra.

Ao final do exercicio, unha frase lémbraos todas as palabras "intrusas".

Un oignon.
Incorrect

Un enregistrement.
Correct

Un cornichon, une concombre, un poivron, une courgette et un oignon sont des légumes. Ces mots n'appartiennent pas au monde de la musique.

A última actividade consistirá nunha actividade oral sinxela a partir dun vídeo.

Regardez cette vidéo de l'INA (Institut national de l'audiovisuel).
➔ Quel est le sujet du reportage? Décrivez physiquement les enfants de la "tribu".



Mots croisés et mots mêlés

Debaixo do título “Mots croisés et mots mêlés” aparece unha icona que representa un signo de interrogación. Esta icona indica que comezaremos varios exercicios de autocorrección.

Mots croisés et mots mêlés

Voici quelques instruments typiques du jazz. Retrouvez-les dans la grille. Puis écrivez-les en remplissant les blancs et lisez la solution à haute voix.

Écrivez le nom de chaque instrument.

Instrument numéro 1:

Instrument numéro 2:

Primeiramente, deberemos escribir as palabras nos espazos que aparecen debaixo do encrucillado.

Despois de completar o exercicio, faremos clic no botón “Valider”.

Instrument numéro 10 :

Valider

As respostas correctas aparecen en fondo verde. As respostas incorrectas aparecen en fondo rosa.

Existen dúas posibilidades: ver todas as respostas correctas facendo clic en “Montrer les réponses” ou reiniciar o exercicio facendo clic en “Recommencer”.

Baixo estas dúas opcións, unha frase indica a puntuación obtida.

Hai que escribir correctamente os acentos.

Instrument numéro 9 : **SAXOPHONE**

Instrument numéro 10 : **ami**

Recommencer

Montrer les réponses

Votre score est 1/10.

No segundo exercicio hai que atopar as mesmas palabras da actividade anterior nunha sopa de letras. Ao rematar, hai que premer no botón “Montrer la solution” para ver a imaxe coas respostas.

Retrouvez, dans tous les sens possibles, les 10 instruments de l'exercice précédent.

U Y C L A R I N E T T E D C A I E I
M R T M X T Q F T Z S F W H R X B T
R N T C G O N A I P A G R B E V E F
V E D R J N Q B G C X Y A S D T R J
I P E Z O A M A U E O O W C K Û N M
O Z J T Q M E N B Z P S D O B Z F Z
L Z Y D Û S P Q A M H I P N N V Q H

Pas pareil

Debaixo do título “Pas pareil” aparece unha icona que representa un signo de interrogación. Esta icona indica que comezaremos un exercicio de autocorrección.

Primeiramente, debemos atopar cal é o reflexo exacto da imaxe proposta.



A continuación teremos que escribir a color do reflexo exacto utilizando o teclado do computador, e premer no botón “Valider”.

Écrivez la couleur correcte:

Le reflet exact est le reflet .

Valider

A resposta correcta aparece en fondo verde.

A resposta incorrecta aparece en fondo rosa.

Existen dúas posibilidades: ver todas as respostas correctas facendo clic en “Montrer les réponses” ou reiniciar o exercicio facendo clic en “Recommencer”.

Baixo estas dúas opcións, unha frase indica a puntuación obtida.

Écrivez la couleur correcte:

Le reflet exact est le reflet **marroc**.

Recommencer





Montrer les réponses

Votre score est 0/1.

No segundo exercicio, debemos atopar o número exacto de diferenzas entre dúas imaxes.



A continuación teremos que escribir o número correcto de diferenzas utilizando o teclado do computador.

<p>Despois de completar o exercicio, faremos clic no botón “Valider”.</p>	
<p>A resposta correcta aparece en fondo verde.</p> <p>A resposta incorrecta aparece en fondo rosa.</p> <p>Existen dúas posibilidades: ver todas as respostas correctas facendo clic en “Montrer les réponses” ou reiniciar o exercicio facendo clic en “Recommencer”.</p> <p>Baixo estas dúas opcións, unha frase indica a puntuación obtida.</p>	
<p>Despois de completar o exercicio, se facemos clic na ligazón “Montrer les différences” veremos un debuxo explicativo.</p> <p>Tamén podemos facer clic na ligazón “Montrer l’affiche/ l image” para ver a imaxe orixinal utilizada para esta actividade.</p>	
<p>No terceiro exercicio propoñeráse unha actividade oral sinxela a partir dun vídeo.</p>	

Message crypté

Debaixo do título “Message crypté” aparece unha icona que representa un signo de interrogación. Esta icona indica que comezaremos un exercicio de autocorrección.

Debemos adiviñar unha frase seguindo as pistas dun código secreto alfanumérico.

Message crypté

Voici quelques disques de jazz. Regardez bien leurs couleurs. Le titre d'une chanson de Joséphine Baker se cache dans ce code secret. Déchiffrez-le et puis écrivez le titre de la chanson !

Code secret



Hai que escribir as letras usando o teclado do ordenador.

Despois de completar o exercicio, faremos clic no botón “Valider”.

Le titre de la chanson est :

Valider

A resposta correcta aparece en fondo verde. A resposta incorrecta aparece en fondo rosa.

Existen dúas posibilidades: ver todas as respostas correctas facendo clic en “Montrer les réponses” ou reiniciar o exercicio facendo clic en “Recommencer”.

Baixo estas dúas opcións, unha frase indica a puntuación obtida.

Le titre de la chanson est :

Recommencer

Montrer les réponses

Votre score est 0/1.

Na segunda actividade, presentárase un documento que servirá para completar o contido da unidade.



Écoutez à nouveau la chanson et écrivez les mots que vous comprenez. Cherchez les paroles de la chanson sur Internet. Vérifiez votre compréhension des paroles avec votre prof.

[Cliquez ici pour écouter la chanson !](#)

C'est logique

Debaixo do título “C'est logique” aparece unha icona que representa unha peza dun puzzle. Esta icona indica que comezaremos un exercicio de lóxica.

En primeiro lugar, hai que ler o enunciado e as pistas que se nos dan.

 L'hôtel est complet. Découvrez où se trouve la chambre de chaque personne.




PISTES:

- La chambre de Nathalie Sacquet est sous la chambre de Marianne Durand.
- Antoine Dupont a une chambre au premier étage.
- Pierre Dupond travaille au rez-de-chaussée. Il est serveur.
- La chambre d'Aïcha Deschamps se trouve au-dessus de la chambre de Monsieur Dupont.

A continuación, a icona dunha interrogación indica que deberemos completar unha serie de ocios usando o número ou a palabra correctos.

Hai que escribir os números ou as letras que faltan co teclado do computador.

Despois de completar o exercicio, faremos clic no botón “Valider”.

 Quel étage correspond à chaque personne? (Prénom + nom)
Exemple - Sixième étage : "Albert Camus"

CINQUIÈME ÉTAGE :

QUATRIÈME ÉTAGE :

TROISIÈME ÉTAGE :

DEUXIÈME ÉTAGE :

PREMIER ÉTAGE :

As respostas correctas aparecerán en fondo verde.

As respostas incorrectas aparecerán en fondo rosa.

Existen dúas posibilidades: ver todas as respostas correctas facendo clic en “Montrer les réponses” ou reiniciar o exercicio facendo clic en “Recommencer”.

Baixo estas dúas opcións, unha frase indica a puntuación obtida.

CINQUIÈME ÉTAGE :

QUATRIÈME ÉTAGE :

TROISIÈME ÉTAGE :

DEUXIÈME ÉTAGE :

PREMIER ÉTAGE :

Votre score est 1/5.

Sa terre natale

Icona que representa unha actividade de comprensión oral.



OPCIÓN A – VÍDEO

Baixo o enunciado do exercicio aparecen dous vídeos, o segundo subtulado en francés. Ao facer clic no símbolo de “play” iníciase a reportaxe. Tamén se pode ver o vídeo a pantalla completa, aumentar o volume ou deter o vídeo.

Se prememos no botón “Montrer la transcription”, aparecerá o texto que se está escoitando. Premendo outra vez, desaparecerá a transcripción.

Sa terre natale

Regardez cette vidéo. Puis répondez aux questions. Lisez la transcription après avoir fini l'exercice.

Vidéo sans sous-titres :



Vidéo sous-titrée :




Transcription


OPCIÓN B – AUDICIÓN

Baixo o enunciado do exercicio aparece un reprodutor de son. Ao facer clic no símbolo de “play” iníciase a audición. Tamén se pode aumentar o volume ou deter a reprodución.

Se prememos no botón “Transcription”, aparecerá o texto que se está escoitando. Premendo outra vez, desaparecerá a transcripción.



OU



Transcription

Se baixamos pola páxina, aparecerá a icona dun signo de interrogación. Esta icona indica que imos comezar un exercicio de autocorrección. Neste caso, trátase de escoller a opción correcta de acordo co expresado na audición. Se marcamos co rato a opción correcta, aparecerá a mensaxe en verde "Correct".

🔍 Après avoir regardé la vidéo, choisissez la réponse correcte :

1. La ville natale de Joséphine Baker est...

- Paris.
- Saint-Louis.
- Vichy.

Correct

Se a opción é incorrecta, aparecerá a mensaxe en vermello "Incorrect".



🔍 Après avoir regardé la vidéo, choisissez la réponse correcte :

1. La ville natale de Joséphine Baker est...

- Paris.
- Saint-Louis.
- Vichy.

Incorrect

Top chrono !

<p>O xogo cronometrado ten un funcionamento similar ao popular “Rosco” de Pasapalabra. Hai que atopar unha serie de palabras a partir dunhas definicións. A palabra pode empezar por unha letra ou conter esa letra.</p>	 <p>Observez les lettres, identifiez et comptez les mots, numérotés (réponses validées du 1 au nombre en face à côté) !</p> <p>✓ 0 ✗ 0</p> <p>25:00</p> <p>Cliquez ici pour commencer</p> <p>Sélectionnez le mot correct et cliquez sur "Réponse". Si vous avez des doutes, cliquez sur "Statistiques".</p>
<p>Escribimos a palabra no espazo en branco e prememos o símbolo verde. Tamén podemos “pasar”, premendo na frecha vermella. Hai que escribir os acentos correctamente.</p>	 <p>Le mot commence par A</p> <p>Joséphine appelle ses enfants adoptés la "tribu ... "</p> <p>→ <input type="text"/> ✓</p>
<p>A duración máxima do xogo é de 25 minutos e hai 2 quendas para responder.</p>	 <p>25:00</p> <p>➔</p>
<p>Ao final da segunda quenda, o xogo informaranos do resultado.</p>	 <p>✓ 1 ✗ 4</p> <p>17:04</p> <p>Cliquez ici pour commencer</p> <p>Vous avez obtenu 1 bonne(s) réponse(s) et 4 mauvaise(s) réponse(s)</p>

Pour en savoir plus

O alumnado deberá escribir unha redacción e elaborar un traballo en grupo a partir do contido de dous vídeos diferentes.

Regardez cette vidéo pour connaître plus de détails sur la vie de Joséphine Baker. Écrivez une petite rédaction sur Joséphine et donnez-la à votre prof.



Projet : liberté, égalité, créativité !

O alumnado deberá escribir un guión baseado na vida da persoa estudada. Posteriormente representarán o guión diante da clase.

Projet : liberté, égalité, créativité !





Para esta actividade, dado o seu carácter libre, propoñemos a seguinte rúbrica de avaliación para facilitar o traballo do profesorado, baseada nas directrices que se lle dan ao alumnado na actividade:

RÚBRICA DE: <i>Projet : liberté, égalité, créativité !</i>				
	EXCELENTE	SATISFACTORIO	MELLORABLE	INSUFICIENTE
PLANIFICACIÓN				
O número de personaxes decidiuse con antelación.				
Os espazos e decorados están ben determinados.				
Os papeis están repartidos claramente.				
O guión baséase nunha historia escrita previamente.				
Determináronse as necesidades técnicas.				
DESENVOLVEMENTO DA TRAMA				
Existe unha situación inicial.				
Prodúcese un acontecemento inesperado.				
Hai aventuras.				
Hai un desenlace que se divide en resolución e situación final.				

Autoévaluation

Para encher o cuestionario de autoavaliación, hai que premer na ligazón azul.

 Mon portfolio d'autoévaluation


[Cliquez ici pour remplir le questionnaire d'autoévaluation](#)

	TRÈS BIEN	BIEN	ASSEZ BIEN	PASSABLE
Je connais la vie de Joséphine Baker	(4 points)	(3 points)	(2 points)	(1 point)

Unha vez finalizado, podemos imprimilo en papel ou en pdf premando sobre o botón "imprimir".

Réinitialisation
Imprimer

Nom: _____ Date: _____

Prénom: _____ Note: _____

	TRÈS BIEN	BIEN	ASSEZ BIEN	PASSABLE
Je connais la vie de Joséphine Baker	(4 points) <input type="checkbox"/>	(3 points) <input type="checkbox"/>	(2 points) <input type="checkbox"/>	(1 point) <input type="checkbox"/>
J'ai découvert sa terre d'origine	(4 points) <input type="checkbox"/>	(3 points) <input type="checkbox"/>	(2 points) <input type="checkbox"/>	(1 point) <input type="checkbox"/>